



Sr. Alcalde Presidente do
Concello de Vigo

LEVANTAMENTO DE ACTAS COMPLEMENTARIAS ÁS ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO RECUAMENTO LMT BAL705, CS E SUBSTITUCIÓN CT FALCOA"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, achégolle a resolución pola que se convocan aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa, para o levantamento das ACTAS COMPLEMENTARIAS AS ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día **25 de abril de 2025**, a partir das **11.30 horas** sobre o terreo.

A resolución deberá estar exposta ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do regulamento de 26 de abril de 1957, as actas levantarase sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)



Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas complementarias ás actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2022/218).

A instalación denominada Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa foi declarada de utilidade pública mediante Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 27 de marzo de 2024, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día 25 de abril de 2025, a partir das 11.30 horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das actas complementarias ás actas previas á ocupación dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

A persoa interesada recibirá unha notificación individual coa debida antelación legal, na cal se lle comunicará a data e a hora na cal deberá presentarse no seu predio, informándoa de que poderá ir acompañada por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

Beatriz López del Olmo
Directora territorial de Pontevedra
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

ANEXO

Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa							
Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular	Nº apoio	m2 solo	ml sub	m2 subsolo
1	3130803NG2733S0001SG	Falcoa	Francisco Javier e José Antonio González Magdalena	CT e CS	30,84	7,36	30,62

